

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA D'ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, "LA CAIXA", PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN "FARAON. REY DE EGIPTO", NA SALA 2 DO MUSEO CENTRO GAIÁS DA CIDADE DA CULTURA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 26 de xaneiro de 2021 coa FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA D'ESTALVIS I PENSIONS DE BARCELONA, "LA CAIXA", o instrumento convencional arriba referido por unha duración necesaria para a realización íntegra das actuacións e cumprimento das obrigacións obxecto do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A presentación e instalación da exposición "Faraón. Rey de Egipto", na Sala 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, que estará aberta ao público desde o 25 de marzo de 2021 ata o 15 de agosto de 2021.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural, móstrase interesado na recepción da citada exposición, valorando positivamente o contido da mesma e a súa idoneidade, para que poida ser visitada polo público na Sala 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

A posibilidade de exhibir a exposición “Faraón. Rey de Egipto” no Museo Centro Gaiás supón celebrar no Ano Xacobeo 2021 unha actividade de gran repercusión cultural. Dentro dos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, atópase o servir de canle para coñecer e poñer en valor a cultura galega, así como outras manifestacións culturais a nivel internacional. Neste sentido, esta mostra organizada por La Caixa coa achega das coleccións do Museo Británico de Londres, aúna a difusión dunha cultura milenaria de recoñecemento popular e de gran atracción temática, co rigor científico dunha institución cultural de referencia mundial como é o Museo Británico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

